

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE TROCO DE RÉXIME XURÍDICO

07/10/2024

A semana pasada mantivemos outra reunión do Grupo de Traballo de Troco de réxime Xurídico. Nesta xuntanza facilítanos os seguintes datos de participación:

- No grupo 4G de 1.641 efectivos, quedaron 129 admitidos e aprobaron 89 persoas.
- No grupo 3G Escala Administrativa de Organismos Autónomos de 1543 efectivos, teñen previstas unhas 228 solicitudes
- Do grupo 3 G Estatística de 1579 efectivos, teñen unhas 400 solicitudes pero aínda están sen depurar, parece que existen bastantes solicitantes que non compren algún dos requisitos.
- Na especialidade de Vixianza do Dominio Público aprobaron o exame 25 persoas que agora están en fase de concurso.

Desde Función Pública entráñanse da pouca participación, froito, desde o nos punto de vista, da enorme incerteza existente no referido ás características da conversión dos postos, a elevada media de idade do persoal e a perda da opción á xubilación parcial que nestes momentos supón o troco de réxime xurídico.

Desde o inicio das negociacións para estes procesos, levamos reclamando a información sobre as características e funcións que vai a ter o persoal cando adquira a condición de funcionario. Ate o de agora tampouco nos aclararon como tiñan pensado artellar a garantía retributiva. Por fin, acalaron algunha destas cuestións:

1. Os postos terán o mesmo nivel e específico que os postos de novo ingreso para a mesma categoría e especialidade, por exemplo, para o C1 un nivel 16.
2. A garantía retributiva irá incluída no complemento específico.

Con respecto ás funcións concretas derivadas da percepción de complementos salariais como persoal laboral (dispoñibilidade horaria, especial responsabilidade...) pedimos aclaracións, xa que entendemos que co cambio non deberían variar as funcións e solicitamos que aclarasen co INE esta cuestión, xa que é o organismo nos que se da esta casuística.

Entre este último trimestre deste ano e o primeiro do próximo están previstas as convocatorias dos grupos 2G, 1G e todas as categorías da especialidade de informática.

Seguiremos informando. Se estades interesados en ampliar información, tedes os datos de contacto ó pé da nota